



**ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO**

**25 DE OUTUBRO DE 2021**

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do luns 25 de outubro de 2021** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 20-10-2021*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario.

<b>Partido Popular (PP)</b>
1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, <b>alcalde-presidente</b>
2.-María José Sampedro Fernández
3.-Ramón José Doval Sampedro.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Ana Isabel Barreiro Rego.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Juana María Brión Santamaría
8.-Elvira Pereira Ageitos.
9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos
<b>Partido Barbanza Independiente (PBBI)</b>
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro
4.-Emilio Andrés González Regueira.
5.-Gerardo Pardavila Fernández.
6.-Asier Casais Álvarez
7.-Tania Redondo Fernández
<b>Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)</b>
1.-José Manuel Vilas Álvarez
2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado.
<b>Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)</b>
1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas
2.-Luis Antonio Pérez Barral
<b>Suma Ribeira (SR)</b>
1.-Xurxo Ferrón Vidán





A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.

Ábrese a sesión polo **Sr. alcalde-presidente** procédese a tratar os seguintes puntos da orde do día:

### PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

#### **1.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN ORDINARIA 27 DE SEPTIEMBRE DE 2021.**

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno ordinario celebrado o **27 de setembro de 2021**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de RIBEIRA**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/as Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **27 de setembro de 2021**.

Polo Sr. voceiro do **GM** do **PBBI**, **D. Vicente Mariño de Bricio**, solicítase que se someta a votación ordinaria o punto da orde do día, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 14** (9 PP, 2 BNG, 2 Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 7** PBBI

**-ABSTENCIONES: 0**

Dentro do turno de explicación do voto, **Dña. Herminia Pouso Maneiro**, concelleira do **GM** do **PBBI**, xustifica o voto do seu grupo porque ó seu xuízo non están recollidas en acta tal como aconteceron as votacións correspondentes o punto **“PROPOSICIÓN GM BNG PRESENTADA POR D. LUÍS ANTONIO PÉREZ BARRAL SOBRE A DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO E REXEITANDO OS RECORTES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE RIBEIRA”**, considerando que non se recolleu o sentido do voto de algúns dos membros do GM do PBBI.

O **Sr. alcalde-presidente** (grupo **m. P.P.**) dí que se aproba por **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación a acta do **Pleno da sesión ordinaria celebrada o 27 de setembro de 2021**.

#### **2.-REPETICIÓN VOTACIÓN SOBRE PROPOSICIÓN GM BNG PRESENTADA POR D. LUÍS ANTONIO PÉREZ BARRAL SOBRE A DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO E REXEITANDO OS RECORTES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE RIBEIRA (xa debatida no Pleno Ordinario de data 27 de setembro de 2021)**

Procédeuse a repetir a votación sobre ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 21 de setembro de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM** do **BNG** segundo o escrito do concelleiro **D. Luis Antonio Pérez Barral** de data 28 de xullo de 2021 (rex de entrada nº 13.223), do seguinte tenor literal xa debatido no Pleno Ordinario de data 27 de setembro de 2021:





*“Neste final de curso 2020-2021 e de cara ao comezo do novo ano académico, a Consellaría de Educación está a consumir a súa follla de ruta iniciada a finais de xuño cos colexios de educación infantil e primaria e que agora continúa cos institutos de educación secundaria. Trátase do desmantelamento do ensino público que, na práctica, tradúcese en drásticos recortes de persoal docente, incremento desmesurado das ratios de alumnado por clase, perda de oferta educativa e abandono definitivo da atención á diversidade e minguar a calidade educativa en xeral.*

*As formas da Consellaría de Educación e dos seus responsábeis políticos son lamentábeis pois están aplicando recortes de persoal en plena época vacacional, unha vez rematado o período lectivo, rematado o período de matrícula e, polo tanto, cando xa o alumnado ten decididas as súas opcións e cando, en moitos casos, as direccións dos centros teñen planificados e ultimados os seus horarios en función do profesorado que contaron este ano.*

*Publicamente, a Consellaría aduce que o recorte prodúcese porque o curso que vén de rematar foi excepcional por mor da crise sanitaria e o que cómpre agora e volver aos niveis de persoal pre-covid nos centros. Mais ningunha das dúas cousas é certa. Nin existiu tal excepcionalidade na dotación de profesorado no curso 2020-2021, nin tampouco agora se está a volver ao nivel dos cursos anteriores senón que se está a destinar aos centros un número menor de docentes que nos anos anteriores á pandemia.*

*Os recortes son gravísimos e a falla de respecto que se está a ter cara o traballo realizado polas direccións dos centros e polo conxunto do profesorado evidencia claramente a nula vontade de diálogo e unha absoluta falla de sensibilidade cara ás situacións que se viven en cada centro.*

*O menosprezo que sofren as familias e o propio alumnado que, unha vez rematado o curso e tendo xa realizada a súa matrícula, quedan agora a expensas de que as decisións unilaterais da Consellaría condicionen as súas previsións. E nun momento, o verán, no que o que se ten en conta é a dificultade de organización dos pais e nais para mobilizarse ou decidiren accións conxuntas de reivindicación e/ou de protesta.*

*O Instituto de Educación Secundaria Nº 1 de Ribeira é un centro que supera os 600 alumnos e alumnas, que imparte ESO, ESA, bacharelato diúrno e nocturno, alfabetización de adultos, que alberga, ademais, nas súas instalacións unha delegación da Escola Oficial de Idiomas e vén sendo referencia na comarca dende hai moitos anos.*

*O IES Nº1 É un centro que ten un cadro de docentes que chega ás 72 persoas e ao que, con data de 26 de xullo, se lle comunica que a dotación será de 66 para o novo curso. Seis profesores e profesoras menos do que lle corresponde e dez menos que no curso 2020-2021. A maiores, unha praza de PT na que o seu titular vén de xubilarse e que, nestes momentos, está sen confirmar, aínda coñecendo a administración educativa que o centro conta con máis de corenta nenos e nenas con dificultades educativas.*

*O recorte que pretende aplicar o goberno de Núñez Feijóo, de non rectificarse, implicará graves consecuencias á organización definitiva do centro, ao alumnado e, evidentemente, provocará unha perda importante de calidade educativa.*

*As consecuencias máis inmediatas serán:*

*A) Aumento de ratios. Aulas de ESO con 27-28 alumnos/as.*

*B) Perda de agrupamentos en 1º e 2º de ESO e, consecuentemente, menor atención á mocidade que ten diversidade e dificultades.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210769469
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2021	MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2021	Fecha: 29/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2021 11:19:41		Hora: 11:19





C) *Importante redución de optatividade e, polo tanto, de oferta educativa.*

D) *Perda da oferta de alfabetización de adultos.*

E) *Diminución da atención ás necesidades educativas especiais e ao alumnado con dificultades se se confirma a perda dun/ha profesional de PT.*

*En definitiva, unha decisión que resulta incomprensíbel entre a comunidade educativa e que só se pode interpretar como un ataque directo ao ensino público e de calidade.*

*Con esta decisión, a Consellaría de Educación é reincidente no concello de Ribeira, xa que tamén anunciou importantes recortes no CEIP de Palmeira e cun modus operandi practicamente idéntico no que aplica un recorte de dúas unidades nese centro educativo.*

*A Xunta de Galiza debe rectificar porque as decisións que está tomando provocan un deterioro do ensino público e é imprescindible e urxente que estableza canles de diálogo coa comunidade educativa galega para evitar o malestar que está a crear e que medra segundo se vai coñecendo a irracionalidade e a falla de xustificación dunha política que, ademais de destruír emprego, incide negativamente no funcionamento dos centros, aumenta as carencias do sistema educativo e crea aínda maiores desigualdades.*

*Desde o Bloque Nacionalista Galego parécenos dunha gravidade extrema que o alcalde se poña de perfil ante estas circunstancias e apoie os brutais recortes que pretende aplicar a Consellaría de Educación nos centros educativos de Ribeira. Cómpre lembrar que o alcalde, como máximo responsábel do Concello debe defender os intereses da veciñanza de Ribeira por riba dos intereses do Partido Popular. Lamentablemente, unha vez máis, vemos que o alcalde claudica ante os ataques que o seu propio partido, o PP, fai aos servizos públicos.*

*Preguntámonos tamén que é o que fixo a concelleira de Educación até o momento para defender os centros educativos do concello de Ribeira, porque non temos constancia de que en ningún momento saíse publicamente a apoiar as xustas demandas da comunidade escolar, tanto do colexio de Palmeira como do Instituto N°1. Malia que o goberno local incumpre de maneira sistemática a convocatoria do Consello Escolar Municipal de Ribeira –regrado nunha reunión cada 3 meses- é rechamante que a responsábel desa área municipal non se convocase o Consello Escolar nin tratar asuntos tan importantes como as necesidades de cada centro para afrontar a pandemia, a coordinación entre os centros e o concello, etc.*

*Por último, remarcar o compromiso do BNG cos servizos públicos que garantan a igualdade de oportunidades e darlle todo o noso apoio ás demandas que fai a comunidade escolar pois só tratan de defender o ensino público galego e a súa calidade fronte a onda de recortes que o goberno galego pretende aplicar.*

*Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita a adopción dos seguintes acordos:*

- *A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a paralizar e rectificar a súa pretensión de recortar profesorado no IES N°1 de Ribeira.*
- *A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a manter un mínimo de 72 docentes no IES N°1 de Ribeira, ao igual que no curso 2020-2021.*





- *A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a manter un mínimo de 2 profesionais de PT no IES N°1 de Ribeira que poidan atender o alumnado con diversidade e dificultades.*
- *A Corporación Municipal de Ribeira esixe a dimisión ou cese da concelleira de Educación do Concello de Ribeira pola súa inacción ante os recortes que pretende aplicar a Consellaría de Educación e pola parálise que sofre esta área de goberno.*
- *A Corporación Municipal de Ribeira manifesta o seu compromiso co ensino público e apoia as reivindicacións da comunidade escolar de Palmeira.”*

**O resultado da votación é o seguinte**

**-VOTOS A FAVOR: 12** (2 BNG, 2 Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira, 7 PBB1)

**-VOTOS EN CONTRA: 9 PP**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba** proposición do **GM** do **BNG** sobre **A DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO E REXEITANDO OS RECORTES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE RIBEIRA**, e, en consecuencia, acorda:

**Primeiro:**-A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a paralizar e rectificar a súa pretensión de recortar profesorado no IES N°1 de Ribeira.

**Segundo:**-A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a manter un mínimo de 72 docentes no IES N°1 de Ribeira, ao igual que no curso 2020-2021.

**Terceiro:**-A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a manter un mínimo de 2 profesionais de PT no IES N°1 de Ribeira que poidan atender o alumnado con diversidade e dificultades.

**Cuarto:**-A Corporación Municipal de Ribeira esixe a dimisión ou cese da concelleira de Educación do Concello de Ribeira pola súa inacción ante os recortes que pretende aplicar a Consellaría de Educación e pola parálise que sofre esta área de goberno.

**Quinto:**-A Corporación Municipal de Ribeira manifesta o seu compromiso co ensino público e apoia as reivindicacións da comunidade escolar de Palmeira.”

**3.-APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2021 PREVIA RESOLUCIÓN ALEGACIONES PRESENTADAS DURANTE O TRÁMITE DE INFORMACIÓN AO PÚBLICO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:





“Visto que o Pleno do Concello de Ribeira aprobou inicialmente na súa sesión de 20 de setembro de 2021 o orzamento para o ano 2021.

Vista a alegación presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, como representante da Unión Sindical Obrera, o día 18 de outubro de 2021, con rexistro de entrada número 2021/18841.

Visto o informe asinado polo Secretario e o Interventor do Concello, no que recomendan a inadmisión da alegación, por non concorrer ningunha das causas de reclamación recollidas no artigo 170.2 do TRLRFL.

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Ribeira o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Inadmitir a alegación ao Orzamento presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, como representante da Unión Sindical Obrera, por non concorrer ningunha das causas de reclamación recollidas no artigo 170.2 do TRLRFL.

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente o Orzamento do Concello de Ribeira para o ano 2021.

**TERCEIRO.-** Publicar o Orzamento do Concello de Ribeira para o ano 2021 no Boletín Oficial da Provincia.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, así como da emenda do GM do BNG rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11 (9PP, 2 Ps de G-Psoe)**

**-VOTOS EN CONTRA: 9 (7 PBBI, 2 BNG)**

**-ABSTENCIÓNS: 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobala** proposta da Alcaldía sobre **APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2021 PREVIA RESOLUCIÓN ALEGACIÓN PRESENTADAS DURANTE O TRÁMITE DE INFORMACIÓN AO PÚBLICO**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas, e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO.-** Inadmitir a alegación ao Orzamento presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, como representante da Unión Sindical Obrera, por non concorrer ningunha das causas de reclamación recollidas no artigo 170.2 do TRLRFL.

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente o Orzamento do Concello de Ribeira para o ano 2021.

**TERCEIRO.-** Publicar o Orzamento do Concello de Ribeira para o ano 2021 no Boletín Oficial da Provincia.

**4.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O EXCMO. CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CESIÓN A TÍTULO GRATUITO DUNHA PARCELA E A CONSTRUCCIÓN NELA DUN CENTRO DE RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES.**





Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

*“O obxecto do convenio é establecer as bases de cooperación entre o Concello de Ribeira e a Consellería de Política Social para a cesión a título gratuito, por parte do Concello, dunha parcela (“Hesta Kurva”) e a construción nela dun Centro de Residencia de Persoas Maiores*

*Por canto antece proponse o seguinte,*

**PRIMEIRO:- APROBACIÓN** do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e o Excmo. Concello de Ribeira para a cesión a título gratuito dunha parcela e a construción nela dun Centro de Residencia de Persoas Maiores nos termos que obran no texto que se acompaña á presente proposición como parte integrante da mesma.

*O obxecto do convenio é establecer as bases de cooperación entre o Concello de Ribeira e a Consellería de Política Social para a cesión a título gratuito, por parte do Concello, da parcela coñecida como “Hesta Kurva”.*

**SEGUNDO:- INICIAR O EXPEDIENTE** para a devandita cesión ao abeir do disposto nos artigos 215.3.m) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 22.2.p) e 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 109 a 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, 32.1 e 4 e 36.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 79.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril

**TERCEIRO:- Facultar** ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Dase conta igualmente a unha **emenda** presentada polo **BNG** e no seu nome por D. Luis Pérez Barral, con data 27 de setembro de 2021 (rex de entrada nº 17334) do seguinte tenor literal:

*“O pasado 28 de abril, a Corporación Municipal de Ribeira aprobaba por unanimidade a proposición do BNG para instar á Consellería de Política Social a construír unha residencia pública de maiores no concello de Ribeira. Aprobábase deste xeito, unha petición reiterada polo BNG en sucesivas ocasións con emendas aos Orzamentos da Xunta en 2019, nos do 2020 e mesmo nun compromiso feito por parte da nosa organización no ano 2018.*

*Tralo anuncio do presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, sobre a construción dunha nova residencia en Ribeira, o BNG segue co seu traballo en defensa do sistema público de benestar. Cremos positivo que o Goberno galego anuncie a súa pretensión de realizar unha residencia de maiores en Ribeira e facela no edificio “Hesta Kurva” das Saiñas porque supón darlle cumprimento a un acordo plenario impulsado polo BNG pero acollido positivamente por toda a Corporación Municipal.*

*Os datos mostran que o sistema de dependencia só chega ao 51% da poboación beneficiaria ou cando para acceder a unha praza pública hai que agardar dous anos. Tamén amosan que a carencia de prazas públicas é evidente pero iso non pode ser desculpa para deixar que se fagan de calquera maneira e con calquera xestión. Cómpre lembrar que 8 de cada 10 prazas de residencias de maiores en Galiza son privadas. Esta situación fai visíbel o modelo residencial privatizado e mercantilizado polo que aposta o PP no que se converte o dereito á vellez digna nun negocio obxecto de lucro.*

*Desde o BNG apostamos por unha residencia pública e cunha xestión 100% pública para garantir o dereito á vellez digna e fortalecer os servizos públicos.*



FIRMANTE - FECHA	
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 29/10/2021
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE	- 29/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES	- 29/10/2021 11:19:41

DOCUMENTO: 20210769469
Fecha: 29/10/2021
Hora: 11:19

CSV: 07E5000BBDBD00C2N4N6X716J3





Por todos estes motivos, en nome do BNG, presento a seguinte emenda de substitución:

Texto orixinal:

**PRIMEIRO:** -APROBACIÓN do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e o Excmo. Concello de Ribeira para a cesión a título gratuito dunha parcela e a construción nela dun Centro de Residencia de Persoas Maiores nos termos que obran no texto que se acompaña á presente proposición como parte integrante da mesma.

O obxecto do convenio é establecer as bases de cooperación entre o Concello de Ribeira e a Consellería de Política Social para a cesión a título gratuito, por parte do Concello, da parcela coñecida como "Hesta Kurva".

**SEGUNDO:** -INICIAR O EXPEDIENTE para a devandita cesión ao abeir do disposto nos artigos 215.3.m) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 22.2.p) e 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 109 a 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, 32.1 e 4 e 36.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 79.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

**TERCEIRO:** -Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo

Texto da proposta:

**PRIMEIRO:** -APROBACIÓN do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Excmo. Concello de Ribeira para a cesión a título gratuito dunha parcela e a construción nela dunha Residencia Pública de Persoas Maiores nos termos que obran no texto que se acompaña á presente proposición como parte integrante da mesma.

O obxecto do convenio é establecer as bases de cooperación entre o Concello de Ribeira e a Consellería de Política Social para a cesión a título gratuito, por parte do Concello, da parcela coñecida como "Hesta Kurva" co obxecto de que haxa nese espazo unha residencia pública para persoas maiores.

**SEGUNDO:** -INICIAR O EXPEDIENTE para a devandita cesión ao abeiro do disposto nos artigos 215.3.m) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galiza, 22.2.p) e 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 109 a 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, 32.1 e 4 e 36.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 79.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

**TERCEIRO:** -Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Por outra banda, no convenio modelo que nos presenta o goberno local, a cláusula 2.1 e 2.2. do convenio deben ter a seguinte redacción:

1.1. O Concello de Ribeira comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de habilitar a cesión do devandito terreo, a través da fórmula oportuna de conformidade coa normativa patrimonial, á Consellería, e que esta sexa apta dende o punto de vista urbanístico para a construción dunha residencia pública de maiores, a devandita parcela será obxecto de cesión libre de cargas e gravames para uso de residencia pública de persoas maiores.

Asemade, o Concello comprométese e dentro das posibilidades legais permitidas a promover a modificación das ordenanzas fiscais para a aplicación das bonificacións que sexan posibles a favor deste centro de titularidade da



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210769469
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 29/10/2021	Fecha: 29/10/2021
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE	- 29/10/2021	Hora: 11:19
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES	- 29/10/2021 11:19:41	







CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Comunidade Autónoma de Galiza, no pagamento de impostos, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

2.2. A Consellaría de Política Social comprométese, unha vez aceptada a cesión e adscrito o inmovible, á construción, nos terreos cedidos polo concello, dunha residencia pública para persoas maiores”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, así como da **emenda** do **GM do BNG** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021, **previa aceptación da emenda o GM do BNG**, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seu número legal **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas sobre **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O EXCMO. CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CESIÓN A TÍTULO GRATUITO DUNHA PARCELA E A CONSTRUCCIÓN NELA DUN CENTRO DE RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES, unha vez incorporada a emenda do GM do BNG**, e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO:** -APROBACIÓN do Convenio de colaboración entre a Consellaría de Política Social e o Excmo. Concello de Ribeira para a cesión a título gratuito dunha parcela e a construción nela dunha Residencia Pública de Persoas Maiores nos termos que obran no texto que se acompaña á presente proposición como parte integrante da mesma.

O obxecto do convenio é establecer as bases de cooperación entre o Concello de Ribeira e a Consellaría de Política Social para a cesión a título gratuito, por parte do Concello, da parcela coñecida como “Hesta Kurva” co obxecto de que haxa nese espazo unha residencia pública para persoas maiores.

**SEGUNDO:** -INICIAR O EXPEDIENTE para a devandita cesión ao abeiro do disposto nos artigos 215.3.m) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galiza, 22.2.p) e 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 109 a 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, 32.1 e 4 e 36.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 79.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

**TERCEIRO:** -Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Por outra banda, no convenio modelo que nos presenta o goberno local, a cláusula 2.1 e 2.2. do convenio deben ter a seguinte redacción:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210769469
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2021	MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2021	Fecha: 29/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2021 11:19:41		Hora: 11:19





1.1. O Concello de Ribeira comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de habilitar a cesión do devandito terreo, a través da fórmula oportuna de conformidade coa normativa patrimonial, á Consellaría, e que esta sexa apta dende o punto de vista urbanístico para a construción dunha residencia pública de maiores, a devandita parcela será obxecto de cesión libre de cargas e gravames para uso de residencia pública de persoas maiores.

Asemade, o Concello comprométese e dentro das posibilidades legais permitidas a promover a modificación das ordenanzas fiscais para a aplicación das bonificacións que sexan posibles a favor deste centro de titularidade da Comunidade Autónoma de Galiza, no pagamento de impostos, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

2.2. A Consellaría de Política Social comprométese, unha vez aceptada a cesión e adscrito o inmovible, á construción, nos terreos cedidos polo concello, dunha residencia pública para persoas maiores”

**5.-MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal

“Como vén sendo habitual nos últimos exercicios, chegada o último trimestre do ano faise preciso efectuar unha revisión das ordenanzas municipais reguladoras dos principais ingresos da facenda municipal. As modificacións que se plantexan abranguen nesta ocasión un total de 10 ordenanzas. Os cambios a introducir obedecen as seguintes causas:

1. Ás suxestións efectuadas ao longo do exercicio tanto desde os servizos económicos como desde os departamentos que prestan os servizos vinculados a cada un dos ingresos cuxa ordenanza se revisa.
2. Incorporación ao texto das ordenanzas de interpretacións efectuadas pola Alcaldía ao abeiro do disposto no artigo 3.2 da Ordenanza Fiscal Xeral.
3. Redución da carga impositiva que soportan os veciños nunha dos principais tributos municipais, como é o imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Vistos os informes da Secretaría, Intervención e Tesourería Municipais, que figuran no expediente, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobación das modificacións das ordenanzas fiscais que se indican:

- **A.3 Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

<b>NOVA REDACCIÓN</b>
<b>ARTIGO 5.- Tarifas.</b>
1.- Establécense os seguintes coeficientes de incremento, por cada tipo de vehículo, sobre as tarifas mínimas establecidas no artigo 95.1 do RD 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:
A) Turismos: 1,5435
B) Autobuses: 1,4595
C) Camións: 1,5505
D) Tractores: 1,5572
E) Remolques e semiremolques: 1,5564
F) Ciclomotores e motocicletas: 1,5762



<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO: 20210769469</b>
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2021 MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2021 11:19:41	Fecha: 29/10/2021 Hora: 11:19





2.- As tarifas anuais deste Imposto serán as seguintes:

A) Turismos:

- De menos de 8 cabalos fiscais: 19,48 €.
- De 8 ata 11,99 cabalos fiscais: 52,60 €.
- De máis de 12 ata 15,99 cabalos fiscais: 111,04 €.
- De máis de 16 ata 19,99 cabalos fiscais: 138,31 €.
- De 20 cabalos fiscais en diante: 172,87 €.

B) Autobuses:

- De menos de 21 prazas: 129,08 €.
- De 21 a 50 prazas: 183,84 €.
- De máis de 50 prazas: 229,79 €.

C) Camións:

- De menos de 1.000 kgs. de carga útil: 65,56 €.
- De 1.000 a 2.999 kgs de carga útil: 129,16 €.
- De 2.999 a 9.999 kgs. de carga útil: 183,95 €.
- De máis de 9.999 kgs de carga útil: 229,94 €.

D) Tractores:

- De menos de 16 cabalos fiscais: 27,52 €.
- De 16 a 25 cabalos fiscais: 43,24 €.
- De máis de 25 cabalos fiscais: 129,71 €.

E) Remolque e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

- De mais de 750 ata 1.000 kgs. de carga útil: 27,50 €.
- De 1.000 a 2.999 carga útil: 43,22 €.
- De máis de 2.999 kgs. de carga útil: 129,65 €.

F) Outros vehículos:

- Ciclomotores: 6,97 €.
- Motocicletas ata 125 c.c.: 6,97 €.
- Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.: 11,93 €.
- Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.: 23,88 €.
- Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.: 47,74 €.
- Motocicletas de máis de 1.000 c.c.: 95,49 €.

- **A.4 Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.**





**NOVA REDACCIÓN**

**ARTIGO 9.- Comprobación Administrativa.**

1. Unha vez rematada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contando a partir do día seguinte á dita finalización certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.
2. No caso de que non puidese presentarse o Certificado e Presuposto final de obra no prazo sinalado no número anterior, poderá solicitarse unha prórroga de un mes, contado a partir do día seguinte á finalización do prazo anterior, para a presentación da citada documentación.
3. Considerábase finalizada unha construción, instalación ou obra na data que se conceda, pola Xunta de Goberno Local, licenza de primeira ocupación do obxecto tributario. De non ter que obter esta, atenderase á data na que a Administración puido ter coñecemento da finalización das ditas obras.
4. As datas sinaladas no parágrafo anterior determinarán o inicio do cómputo da prescrición do dereito da administración a practicar unha liquidación definitiva.
5. Á vista da documentación achegada e das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva, á que se refire o artigo anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda. Esta función corresponderá ao servizo de xestión tributaria do concello.

**ANEXO I**

**GRUPO PRIMEIRO. NOVA PLANTA**

- *M = módulo básico da construción da ponencia de valores vixente de Ribeira en €/m<sup>2</sup>.*

**GRUPO SEGUNDO. REHABILITACIÓN, REFORMA, AMPLIACIÓN.**

- *M = módulo básico da construción da ponencia de valores vixente de Ribeira en €/m<sup>2</sup>.*

**GRUPO TERCEIRO. OBRAS NON INCLUÍDAS NOS APARTADOS ANTERIORES; VARIOS.**

- *M = módulo básico da construción da ponencia de valores vixente de Ribeira en €/m<sup>2</sup>. (engádense novas obras no grupo terceiro do Anexo I)*

**GRUPO TERCEIRO. OBRAS NON INCLUÍDAS NOS APARTADOS ANTERIORES; VARIOS.**

TÁBOA III. Custo unitario actuacións puntuais (Cu).

Denominación actuación	Cu
<b>PECHES DE PARCELA</b>	
m <sup>2</sup> Peche de parcela opaco de pedra natural	0,193
m <sup>2</sup> Outro peche de parcela opaco	0,091
m <sup>2</sup> Peche de parcela diáfano de maia	0,028
m <sup>2</sup> Outro de parcela diáfano	0,321





<i>m<sup>2</sup> Muro de Contención</i>	<i>0,115</i>
<b>DEMOLICIÓNS</b>	
<i>m<sup>3</sup> Movemento de terras</i>	<i>0,011</i>
<b>ALBAÑILERÍA</b>	
<i>m<sup>2</sup> Cambio de carpintería exterior</i>	<i>1,354</i>
<i>m<sup>2</sup> Piscina</i>	<i>1,378</i>
<b>ILLAMENTOS</b>	
<i>m<sup>2</sup> Illamento térmico de fachada polo exterior</i>	<i>0,128</i>
<i>m<sup>2</sup> Illamento térmico cunha fachada ventilada</i>	<i>0,262</i>

▪ **B.1.3 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola realización de actividades urbanísticas**

<b>NOVA REDACCIÓN</b>
<b>ARTIGO.5 COTA TRIBUTARIA.</b>
<p><i>C) Os usos de carácter provisional ós que se refire a Lei do Solo e as parcelacións satisfarán o 2 por 100 do valor catastral da superficie da parcela, sen incluír o valor das construcións que puideran existir sobre a mesma, cun mínimo de 0,137517818 € por metro cadrado.</i></p> <p><i>No caso das parcelacións, a cota calcularase sobre o valor catastral da parcela matriz segregada, cun máximo de 1000 € por parcela matriz afectada. No caso de solicitudes de agrupación de parcelas a efectos da súa segregación, este límite de 1000 € refírese á cota tributaria máxima a abonar pola tramitación do expediente ea consecvente expedición da licenza, independentemente do número de parcelas que foran aportadas en orixe para obter a segregación instada.</i></p> <p><i>Non estarán suxeitas a esta Ordenanza as parcelacións urbanísticas, ou segregacións, cuxo único obxecto sexa a cesión obrigatoria ao Concello dos terreos necesarios para a apertura ou regularización dos viarios establecida na normativa urbanística.</i></p>

▪ **B.1.4 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos**

<b>NOVA REDACCIÓN</b>
<b>ARTIGO 2.- Feito imponible.</b>
<p><i>1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade, así como outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas ou Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da Licenza de Apertura á que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, tanto si esa actividade se produce como consecuencia dunha petición do interesado, coma de comunicacións previas ou declaracións responsables e no caso de orixinarse por comprobacións ou inspección da apertura sen que o titular solicítase ou obtívase a licenza.</i></p>





2.- A tal efecto, terá consideración de apertura:

- a) A instalación por vez primeira da actividade desenrolada no establecemento, para dar comezo ás súas actividades.
- b) Os traslados de locais.
- c) O cambio de actividade desenrolada no establecemento, aínda que continuada o mesmo titular e a ampliación das actividades desenroladas no establecemento.
- d) O cambio de titularidade.
- e) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste, e que afecte ás condicións sinaladas no apartado 1 deste artigo, esixindo unha nova verificación das mesmas.

3.- Entenderase por establecemento que esixe a obtención de licenza para a súa apertura toda edificación habitable, estea ou non aberta o público, que no se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- a) Se dedique ó exercicio de algunha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servizos, profesional e artística suxeita ou non ó imposto sobre actividades económicas.
- b) Aínda sen desenrolarse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as

mesmas, ou teñan relación con elas na forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

**ARTIGO 5.- Base imponible e tarifas.**

1.- O importe da taxa desta licenza satisfacerase unha soa vez e o importe será equivalente a multiplicar por 3,15 a tarifa recollida no Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro, que aproba as tarifas e instrución do imposto sobre actividades económicas, correspondente a actividade concreta de que se trate, independentemente da obriga ou non de tributar por dito imposto, salvo no disposto nos parágrafos seguintes.

2.- Cando se trate de axencias, sucursais ou delegacións de empresas non radicadas na localidade, o importe do dereito ou taxa será, como máximo:

- Entidades bancarias, financeiras e caixas de aforros: 5.602,23 €.
- Hipermercados, supermercados e centros comerciais: 2.774,53 €.
- Outras actividades: 1.379,03 €.

3.- No caso de espectáculos públicos por breve tempada, os dereitos establecidos reduciranse proporcionalmente o tempo en que realmente estean en funcionamento, tomado a cota do apartado 1 deste artigo como base anual.

4.- Os dereitos pola expedición da licenza de apertura quedarán limitados a unha cota de **280,14 €** cando se trate de actividades mercantis ou industriais exentas ou con cota cero no imposto de actividades económicas.

5.- As ampliacións de establecementos para a mesma actividade tributarán por esta taxa cunha cota de 3,15 veces o valor do incremento do elemento superficie a efectos do IAE.

6.- No caso de desistimento formulado polo solicitante con anterioridade a concesión da licenza, as cotas a liquidar serán do 20 % das establecidas, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente.

7.- Os titulares de actividades e instalacións están obrigados a comunicar ao Concello os cambios de titular. Cambio de titularidade en apertura de establecementos: 61,08 €.

- **B.1.10 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola retirada, inmovilización e depósito de vehículos na vía pública e camiños adxacentes**





**NOVA REDACCIÓN**

**ARTIGO 6.- Cota Tributaria.**

As cotas a aboar pola retirada de vehículos son as seguintes:

- 1.-Retirada dun vehículo automóbil turismo, furgoneta e coche de minusválidos calquera con coche-grúa: 75,00 €.
- 2.-Retirada de vehículos automóbiles de carga ou camiões e autobuses, automóbiles e vehículos especiais, maquinaria e tractores de calquera clase, remolques e semirremolques, cada un, aboará o custo do servizo no caso de utilización de coche-grúa particular contratado, cun mínimo de 108,72 €.
- 3.-Pola retirada de cada motocicleta e ciclomotor: 24,52 €.
- 4.-Pola retirada de cada ciclo: 6,10 €.

- **B.1.11 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do conservatorio municipal de música**

**NOVA REDACCIÓN**

**ARTIGO 7. BENEFICIOS FISCAIS.-**

1. Establécense as seguintes bonificacións aplicables ás taxas do curso completo:

- Redución do 50 % para o segundo membro da mesma unidade familiar matriculado no centro, a aplicar sobre a menor das taxas.
- Redución do 70% para o terceiro e seguintes membros da mesma unidade familiar matriculados no centro, a aplicar sobre a menor das taxas.

2. Exención para os estudantes que acrediten a imposibilidade económica da súa unidade familiar de facer fronte ó pago da Taxa, previo o informe dos Servizos Sociais municipais, tendo en conta os criterios que se utilizan para a adxudicación de vivendas sociais, o chamado módulo ponderado.

- **B.1.13 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable.**

**NOVA REDACCIÓN**

**ARTIGO 5.- Cota tributaria.**

D) A cota quedará reducida ao 55% para os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

- **B.1.14 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de saneamento e depuración**

**NOVA REDACCIÓN**

**ARTIGO 5.-Cota tributaria**

2.2.- Epígrafe de depuración:





2.2.- Epígrafe de depuración:

2.2.a) Uso doméstico:

- Mínimo trimestral de 30 m3: 0,541897 €/m3
- Excesos do mínimo anterior: 0,172463 €/m3

2.2.b) Uso industrial e de obras:

- Mínimo trimestral de 90 m3: 0,180632 €/m3
- Excesos do mínimo anterior: 0,408465 €/m3
- Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga

2.2.c) Industrias de alto consumo, con destino ó emisario do Touro ou destino a emisario propio:

- Mínimo trimestral de 500 m3: 0,000000 €/m3
- Excesos do mínimo anterior: 0,000000 €/m3

2.2.d) Industrias de alto consumo, con destino distinto ó emisario do Touro ou distinto de emisario propio:

- Mínimo trimestral de 500 m3: 0,245079 €/m3
- Excesos do mínimo anterior: 0,172463 €/m3
- Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga

**ARTIGO 5.6**

6.- A cota de saneamento quedará reducida ao 55% para os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

**ARTIGO 5.7**

7.- A cota de depuración quedará reducida ao 55% para os contribuíntes, nos seguintes casos

- **B.2.6 Ordenanza fiscal reguladora da taxa sobre vaos permanentes e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras actividades de interés particular**

**NOVA REDACCIÓN**

**ARTIGO 5.- Cota tributaria.**

A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na seguinte tarifa:

Epígrafe 1.- Reservas de espazos permanentes e aparcamento.

A) Vaos permanentes, por metro lineal ou fracción: 35,580452 €.

B) Aparcamento exclusivo, por unidade: 47,716741 €.

Nos vaos permanentes, cando a capacidade do local supere os dez vehículos, ademais da contía na tarifa, aboarase un 10 por 100 mais da tarifa por cada novo vehículo.

Epígrafe 2.- Venda do sinal de vado permanente: 27,62 €/unidade.

Epígrafe 3.- Gastos de teléfono das paradas de taxis: Entre tódolos taxis con licenza en vigor, nun pago único anual e igual para cada un, simultáneo ó da reserva de aparcamento exclusivo, reintegrarán ó Concello os gastos anuais de teléfono das paradas autorizadas.

Epígrafe 4.- Reservas de carácter temporal para actividades de interese particular:

-Cando esixan corte da circulación rodada: 35,580452 €/cada 5 horas.

-Cando non esixan corte da circulación rodada: 3,974531 €/cada 5 horas.

As ocupacións superiores a dous días tributarán pola taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, entullos, valos, puntais asnelos, estadas e outros materiais de construción.



**FIRMANTE - FECHA**







B.2.3. Consideraranse que as reservas esixen corte da circulación rodada.

- **B.2.7 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa**

**NOVA REDACCIÓN**

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA.** Durante os exercicios 2020, 2021 e 2022 suspéndese a vixencia desta ordenanza fiscal de mesas e cadeiras (aplicación e cobro de taxa), tanto das licenzas por ocupación anual (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) coma no caso de licenza de ocupación turística (comprende o período de semana santa e do 1 de xuño ao 30 de setembro).

**Segundo.**-Aprobar o texto refundido das ordenanzas modificadas (que figuran como anexos á proposta), a fin de que este poda ser publicado de xeito íntegro no Boletín Oficial da Provincia, previa exposición pública, por prazo de 30 días, de acordo co previsto no art. 17.1 do TRLRHL.

Asemdade dase conta dunhas **emendas de substitución** presentada polo **GM** do **BNG** e no seu nome por D. Luis Pérez Barral do seguinte tenor literal

**Imposto de vehículos de tracción mecánica**

Como vén sendo habitual no último trimestre do ano, o goberno municipal revisa as ordenanzas fiscais. Segundo consta na providencia de alcaldía, o goberno local pretende “reducir a carga impositiva que soporta a veciñanza nun dos principais tributos municipais como é o imposto de vehículos de tracción mecánica”.

Desde o BNG entendemos a minoración xeral proposta non é suficiente. Débese promover unha mobilidade máis respectuosa co medio ambiente e promover políticas que faciliten a redución das emisións de CO<sub>2</sub> –principal causante do efecto invernadoiro-. Cómpre termos en conta que o Concello de Ribeira adheriuse no ano 2019 ao pacto polo clima e a enerxía e se comprometía a reducir a emisión dos gases de efecto invernadoiro e promover a compostaxe de residuos orgánicos.

Neste sentido o BNG propón aumentar os anos nos que se pode obter a bonificación a vehículos híbridos e eléctricos pasando da bonificación dun 50% durante os 5 períodos impositivos seguintes ao da súa matriculación, a tela durante un período de 7 anos.

**Taxa de saneamento de depuración**

Con respecto á taxa de saneamento e depuración, podemos cualificala de tarifazo da depuración e do saneamento. Isto é debido ás nefastas decisións adoptadas unilateralmente polo Partido Popular e que provocaron un aumento de 72€ ao ano nos recibos da veciñanza deste concello. Esa subida aínda tería sido moito maior, concretamente de 96€ ao ano, se non fora porque no seu día se aprobou a alegación presentada polo BNG para reducir a suba total nuns 24 euros. En todo caso, desde o BNG seguimos mantendo que esa subida é excesiva e debe baixarse de maneira inmediata.



**FIRMANTE - FECHA**





Se hoxe temos unha das taxas de saneamento e depuración máis altas de toda a contorna débese exclusivamente á mala xestión do Partido Popular e do seu modelo caro e ineficiente de depuración. O sistema de depuración implantado nunca tivo o apoio do BNG porque sempre defendemos a creación dunha depuradora específica para o polígono de Xarás e facer outras depuradoras máis pequenas distribuídas nas valgadas naturais do territorio. Ese modelo alternativo foi rexeitado pola maioría do Partido Popular, que escolleu o modelo que temos hoxe en día e que implica ter que bombear os residuos durante 13 kms e 7 tanques de tormenta.

Por outra banda e ante un escenario de crise económica como a que estamos a vivir, é preciso que o Concello de Ribeira dispoña de todas as ferramentas para protexer as persoas máis vulnerábeis. É por iso polo que o BNG propón incrementar un 10% a bonificación que actualmente gozan algunhas persoas da cota de subministración de auga potábel, depuración e saneamento. Con esta medida pasarían dunha bonificación do 50% da taxa ao 60%. Tamén se propón aumentar un tramo nas tarifas da subministración da auga potábel para propiciar aforros no consumo deste ben básico e bonificación para familias numerosas.

### Taxa pola retirada de vehículos na vía pública

Creemos que a decisión do Partido Popular de querer aumentar a 75€ a retirada de vehículos da vía pública só responde a un afán de recadación. O aumento supón incrementar esta a taxa case un 23%. Desde o BNG propoñemos manter a contía actual e incrementarlle unicamente o IPC.

Por todos estes motivos propoñemos do Pleno da Corporación Municipal a aprobación das seguintes  
EMENDAS DE SUBSTITUCIÓN:

#### PRIMEIRA EMENDA

##### 1. ORDENANZAS REGULADORAS DE IMPOSTOS.

- **A.3 Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

#### Artigo 4. Bonificacións:

1. - Os vehículos de clase turismo gozarán, nos termos que se dispoñen, dunha bonificación do 50% na cota do imposto, durante os 7 períodos impositivos seguintes ao da súa matriculación, en función das características dos motores, a clase de combustíbel que consoma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións seguintes:

#### Artigo 5. Tarifas:

Apartado 1. Rebaixa de cotas tributarias, ao minorar nun 2% os coeficientes a aplicar ás tarifas mínimas previstas pola lei.

#### SEGUNDA EMENDA

##### 1. ORDENANZAS REGULADORAS DE TAXAS.

- **B.1.10 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola retirada, inmovilización e depósito de vehículos na vía pública e camiños adxacentes.**





**Artigo 6. Cota tributaria**

**Incrementarase unicamente o IPC ás contías indicadas neste artigo:**

As cotas a aboar pola retirada de vehículos son as seguintes:

- 1.- Retirada dun vehículo automóbil turismo, furgoneta e coche de minusválidos calquera con coche-grúa: 61,26€.
- 2.-Retirada de vehículos automóbiles de carga ou camións e autobuses, automóbiles e vehículos especiais, maquinaria e tractores de calquera clase, remolques e semirremolques, cada un, aboará o custo do servizo no caso de utilización de coche-grúa particular contratado, cun mínimo de 108,72€.
- 3.-Pola retirada de cada motocicleta e ciclomotor: 24,52€. 4.-Pola retirada de cada ciclo: 6,10€.

**TERCEIRA EMENDA**

**2. ORDENANZAS REGULADORAS DE TAXAS.**

- **B.1.13 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potábel.**

**5.D.Cuota tributaria**

Aumento da redución da cota ao 55% para as persoas contribuíntes beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e/ou Ingreso Mínimo Vital.

- **B.1.14 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de saneamento e depuración**

**2.2.- Epígrafe de depuración**

Corrección da renumeración do epígrafe 5.2.2

**2.2.- Epígrafe de depuración**

Rebaixa de cotas tributarias do epígrafe 5.2.2 de depuración nun 20%.

**5.7. Cota tributaria**

Aumento da redución da cota ao 60% para as persoas contribuíntes beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e/ou Ingreso Mínimo Vital.

**CUARTA EMENDA**

- **B.1.13 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potábel.**

**Artigo 5. Cota tributaria**

Acrecentar un punto no que se estipule unha bonificación do 30% da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potábel para familias numerosas.



**FIRMANTE - FECHA**





**Artigo 6. Tarifa**

No epígrafe 1 de uso doméstico acrecentar as posibilidades de consumos establecendo:

Tramo 1: 0 a 20,999 m<sup>3</sup>

Tramo 2: 21 a 30,999 m<sup>3</sup>

A tarifa para o tramo 1 deberá ser inferior á do tramo 2 que terá un prezo de 0,349840€ m<sup>3</sup>/trimestre. Os excesos a partir de 31 m<sup>3</sup> manteranse en 0,433177€/m<sup>3</sup>.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame así como das **emendas de adición do GM do BNG** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda do GM do BNG**, en cumprimento do disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira, , co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 3 (2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA: 9 PP**

**-ABSTENCIÓNS: 9 (7 PBBI, 2 PS DE G-PSOE)**

A vista do resultado sómese a votación ordinaria o **ditame orixinal transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021**, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11 (9 PP, 2 PS DE G-PSOE)**

**-VOTOS EN CONTRA: 2 BNG**

**-ABSTENCIÓNS: 8 (7 PBBI, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobal**a proposta da Alcaldía sobre **MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas, **quedando convertido en acordo en todos os seus termos**.





**6.- APROBACIÓN INICIAL MODIFICACION BASES EXECUCIÓN ORZAMENTOS MUNICIPAIS. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

*"A próxima celebración do 1º Rally de Ribeira Ría de Arousa precisa da colaboración do Concello de Ribeira para o seu correcto desenvolvemento, mediante unha achega económica.*

*A forma de que o Concello de Ribeira realice esa achega será a través da concesión dunha subvención nominativa á Escudería Ribeira Ría de Arousa, que será quen organice o rally.*

*Polo tanto procede modificar a base nº 51 de execución do orzamento de 2021, no sentido de incorporar a subvención nominativa a favor da Escudería Ribeira Ría de Arousa por importe de 20.000,00 euros.*

*Visto o informe de Intervención de data 14 de outubro de 2021.*

*Polo tanto, esta Alcaldía-Presidencia propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Modificar a base nº 51 de execución do orzamento, establecendo unha subvención nominativa á Escudería Ribeira Ría de Arousa por importe de 20.000,00 euros.*

*2.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.*

*3.- Que non suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11** (9 PP, 2 Ps de G-Psoe)

**-VOTOS EN CONTRA: 1** Mixto-Suma Ribeira

**-ABSTENCIÓNS: 9** (7 PBBI, 2 BNG)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba** proposta da Alcaldía sobre **APROBACIÓN INICIAL MODIFICACION Nº1 BASES EXECUCIÓN ORZAMENTOS MUNICIPAIS**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas, e en consecuencia aproba:

**Primeiro:** *-Modificar a base nº 51 de execución do orzamento, establecendo unha subvención nominativa á Escudería Ribeira Ría de Arousa por importe de 20.000,00 euros.*

**Segundo:** *-Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.*





**Terceiro.-** Que non suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

**7.- APROBACIÓN INICIAL TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 10/2021. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

*O Concello de Ribeira está interesado en colaborar na realización do 1º Rally de Ribeira Ría de Arousa. Para isto, é necesaria a concesión dunha subvención nominativa a favor da Escudería Ría de Arousa que lle permita sufragar parte dos gastos derivados desta competición. No orzamento do 2021 recóllese unha partida de 15.000 euros para facer fronte a unha achega extraordinaria a Mancomunidade Barbanza Arousa que xa non será necesario realizar. É intención desta Alcaldía efectuar unha transferencia de crédito dende a aplicación mencionada á aplicación recollida no cadro, de acordo co seguinte detalle:*

ALTAS		
PARTIDA	IMPORTE	DESCRIPCION
341.48006	15.000,00	Realización 1º Rally Ribeira
BAIXAS		
PARTIDA	IMPORTE	DESCRIPCION
942.46301	15.000,00	Achega extraordinaria á Mancomunidade

Visto o informe de Intervención.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación o seguinte:

**PRIMEIRO.-** A aprobación inicial da transferencia de crédito 10/2021, que afecta ás seguintes aplicacións:

ALTAS		
PARTIDA	IMPORTE	DESCRIPCION
341.48006	15.000,00	Realización 1º Rally Ribeira
BAIXAS		
PARTIDA	IMPORTE	DESCRIPCION
942.46301	15.000,00	Achega extraordinaria á Mancomunidade

**SEGUNDO.-** Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

**TERCEIRO.-** Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.





Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11** (9 PP, 2 Ps de G-Psoe)

**-VOTOS EN CONTRA: 1** Mixto-Suma Ribeira

**-ABSTENCIÓNS: 9** (7 PBBI, 2 BNG)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobal**a proposta da Alcaldía sobre **APROBACIÓN INICIAL TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 10/2021**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas, e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO.-** A aprobación inicial da transferencia de crédito 10/2021, que afecta ás seguintes aplicacións:

ALTAS		
PARTIDA	IMPORTE	DESCRIPCION
341.48006	15.000,00	Realización 1º Rally Ribeira
BAIXAS		
PARTIDA	IMPORTE	DESCRIPCION
942.46301	15.000,00	Achega extraordinaria á Mancomunidade

**SEGUNDO.-** Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

**TERCEIRO.-** Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.

**8.-SOLICITUDE ANULACIÓN COMPATIBILIDADE PROFESORA PIANO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE RIBEIRA.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 19 de outubro de 2021 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

**“VISTO** o escrito presentado por **Dna. Ana Fernández Gayoso**, DNI nº 34.274.844-Z, con data 30 de marzo de 2021 (rex de entrada nº 4653), traballadora laboral ó servizo da Corporación Local, Grupo II, Nivel CD 18, profesora de piano do conservatorio municipal de música, cunha xornada laboral de 27 horas semanas, no que solicita anulación da compatibilidade do seu posto de traballo no Concello de Ribeira cun desenvolto no ámbito privado, tal como acordou o Pleno da Corporación en Sesión Ordinaria de data 26 de outubro de 2020.





**ACREDITADO** que a causa que motivou no seu momento a declaración de compatibilidade cesou con data 1 de abril de 2021 (actividades privadas como profesora en escola concertada-Educación Secundaria-, cunha xornada laboral de 13 horas semanais en horario de mañá por tempo determinado mentras duraba a incapacidade laboral da titular do posto)

**CONSIDERANDO** os 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o artigo 172.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

**Primeiro:- Poñer fin á declación de compatibilidade** concedida polo Pleno da Corporación en data 26 de outubro de 2021 a favor de Dna. Ana Fernández Gayoso, DNI nº 34.274.844-Z), traballadora laboral ó servizo da Corporación Local, Grupo II, Nivel CD 18, profesora de piano do conservatorio municipal de música, cunha xornada laboral de 27 horas semanais, unha vez que con data 1 de abril de 2021 cesaron as actividades privadas como profesora en escola concertada-Educación Secundaria-, cunha xornada laboral de 13 horas semanais en horario de mañá por tempo determinado mentras duraba a incapacidade laboral da titular do posto.

**Segundo:-**Inscribir o Acordo do Pleno polo que se declara ó fin de dita compatibilidade para desempeñar actividades privadas no correspondente Rexistro de persoal.

**Terceiro-** Notificar o Acordo adoptado á interesada”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 19 de outubro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)  
**-VOTOS EN CONTRA: 0**  
**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seu número legal **aproba** proposta da Alcaldía sobre **SOLICITUDE ANULACIÓN COMPATIBILIDADE PROFESORA PIANO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE RIBEIRA**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais, e en consecuencia aproba:

**Primeiro:- Poñer fin á declación de compatibilidade** concedida polo Pleno da Corporación en data 26 de outubro de 2021 a favor de Dna. Ana Fernández Gayoso, DNI nº 34.274.844-Z), traballadora laboral ó servizo da Corporación Local, Grupo II, Nivel CD 18, profesora de piano do conservatorio municipal de música, cunha xornada laboral de 27 horas semanais, unha vez que con data 1 de abril de 2021 cesaron as actividades privadas como profesora en escola concertada-Educación Secundaria-, cunha xornada laboral de 13 horas semanais en horario de mañá por tempo determinado mentras duraba a incapacidade laboral da titular do posto.







**Segundo:**-Inscribir o Acordo do Pleno polo que se declara ó fin de dita compatibilidade para desempeñar actividades privadas no correspondente Rexistro de persoal.

**Terceiro:**- Notificar o Acordo adoptado á interesada”.

**9.-SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA POLA EMPRESA “ANA NAYA GARCÍA, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021 sobre proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

**DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA POLA EMPRESA “ANA NAYA GARCÍA, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA.**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar a XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA.

A adjudicación realizouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión extraordinaria e urxente de data 16/08/2013, a favor da empresa “Ana Naya García, S.L.” (NIF número B15767783).

O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 02/09/2013 para unha duración de catro (4) anos contados a partir da data da sinatura do mesmo e foi prorrogado tres veces, por períodos anuais, mediante acordos adoptados polo Pleno da Corporación Municipal na súas respectivas sesións das datas 24/04/2017, 25/06/2018 e 29/07/2019.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 118.483,27 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 13/08/2013 (número de operación: 2013 33005010) xustificativa de constitución de certificado de seguro de caución nº: 4.098.654 de crédito e caución.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre a garantía depositada.

Vistos o informe conxunto emitido pola xefa dos servizos sociais María Francisca Vidal Regueira e polo pedagogo do departamento de servizos sociais comunitarios Santiago Páramo Ayer da data 27/09/2021, e visto o informe emitido polo interventor municipal Pablo Bao Castro, da data 07/10/2021, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**PROPOÑO ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL que adopte o seguinte acordo:**

**A cancelación e devolución da garantía definitiva de 118.483,27 euros constituída pola empresa “Ana Naya García, S.L.” (NIF número B15767783) para responder da execución do contrato da XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA.**

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS





LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de outubro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)  
**-VOTOS EN CONTRA: 0**  
**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** do seu número legal **aproba** proposta da Alcaldía sobre **SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA POLA EMPRESA “ANANAYA GARCÍA, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DOSERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas, e en consecuencia aproba:

**ÚNICO:**-A cancelación e devolución dagarantía definitiva de 118.483,27 euros constituída pola empresa “Ana Naya García, S.L.” (NIF número B15767783) para responder da execución do contrato da XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA.

#### 10.- ADHESIÓN A LA RED DE CIUDADES INTELIGENTES (RECI).

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 19 de outubro de 2021 sobre a base dunha proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

*“ADHESIÓN A LA RED DE CIUDADES INTELIGENTES (RECI).*

*La Asociación tiene por objeto la generación de una dinámica entre ciudades con el fin de disponer de una “red Española de ciudades inteligentes”. Las cuales han de promover la gestión automática y eficiente de las infraestructuras y los servicios urbanos, así como la reducción del gasto público y la mejora de la calidad de los servicios, consiguiendo de este modo atraer la actividad económica y generando progreso.*

*La innovación y el conocimiento, apoyados en las tecnologías de la información y la comunicación (TIC), son las claves sobre las que basar el progreso de las ciudades en los próximos años, haciendo más fácil la vida de los ciudadanos, logrando una sociedad más cohesionada y solidaria, generando y atrayendo talento humano y creando un nuevo tejido económico de alto valor añadido.*

*La cooperación del sector público y el privado, la colaboración social sin exclusiones y el desarrollo del trabajo en la red, son elementos fundamentales que permiten desarrollar entre todos, un espacio innovador que fomente el talento, las oportunidades y la calidad de vida en el entorno urbano.*

*Son ciudades inteligentes aquellas que disponen de un sistema de innovación y de trabajo en red para dotar a las ciudades de un modelo de mejora de la eficiencia económica y política permitiendo el desarrollo social, cultural y urbano. Como soporte de este crecimiento se realiza una apuesta por las industrias creativas y por la alta tecnología que permita ese crecimiento urbano basado en el impulso de las capacidades y de las redes articuladas todo ello a través de planes estratégicos participativos que permitan mejorar el sistema de innovación local.*

*Grupo de Trabajo – Municipios Amigos*





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Los grupos de trabajo (GT) realizan una labor fundamental dentro de la Red Española de Ciudades Inteligentes. Las actividades de los grupos de trabajo constituyen el corazón de la RECI porque permite a las ciudades integrantes a través de las diferentes personas que lo integran adquirir capacidades, conocimientos y experiencias que mejoren sus estándares de trabajo.

El GT de Municipios Amigos acoge a todas las ciudades adheridas con menos de 50.000 habitantes empadronados en su término municipal y que formalmente hayan solicitado la adhesión a la RECI.

Este GT constituye el mejor foro de intercambio de experiencias y conocimiento entre los Municipios Amigos de la RECI. Suponen además un aliciente para el personal técnico de las distintas entidades locales, porque encuentran referencias y soluciones técnicas a problemas concretos que deben gestionar en su día a día. De esta forma, los grupos de trabajo ejercen como motor de la red en cuanto a generación y difusión del conocimiento.

El grupo de trabajo de Municipios Amigos se reúne periódicamente para compartir buenas prácticas, resultados de estudios y otras cuestiones relacionadas con alguna de las líneas de trabajo de la RECI.

Estas líneas de trabajo están alineadas con los objetivos y actuaciones establecidas en el Plan de Recuperación Transformación y Resiliencia de España; la Agenda Digital para Europa, la Agenda Digital España 2025 y los Objetivos de Desarrollo Sostenible, en el marco de la Agenda 2030.

Considerando que la Red Española de Ciudades Inteligentes, cuenta entre sus objetivos el de sumar esfuerzos y compartir proyectos que hagan de las ciudades unos espacios más amables, más humanos, que multipliquen la cohesión social y que garanticen derechos fundamentales, destinando a ello la gestión "inteligente" de las ciudades, objetivos que coinciden plenamente con los enmarcados por el Ayuntamiento de Ribeira, puesto que en Ribeira, siempre hemos estado convencidos de que la única forma de avanzar y superar los retos de ciudad, es mediante la planificación estratégica como fórmula para alcanzar el buen gobierno, siempre con equidad, utilizando los recursos y los medios de forma eficaz y eficiente, de forma transparente, promoviendo el consenso y dando participación a la ciudadanía.

En base a lo expuesto, esta Alcaldía-Presidencia, propone al Pleno de la Corporación la adopción de los siguientes acuerdos:

- 1.- Solicitar la adhesión como Municipio Amigo a la Red Española de Ciudades Inteligentes (RECI).
- 2.- Remitir copia de este acuerdo a la Oficina Técnica de la RECI y a la FEMP.
- 3.- Facultar al Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación del Ayuntamiento de Ribeira y formular la correspondiente solicitud de adhesión"

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido dao ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **archivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de setembro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**





Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seu número legal **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais sobre **ADHESIÓN A LA RED DE CIUDADES INTELIGENTES (RECI)**, e en consecuencia aproba

**Primeiro**:- Solicitar la adhesión como Municipio Amigo a la Red Española de Ciudades Inteligentes (RECI).

**Segundo**:- Remitir copia de este acuerdo a la Oficina Técnica de la RECI y a la FEMP.

**Terceiro**:- Facultar al Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación del Ayuntamiento de Ribeira y formular la correspondiente solicitud de adhesión

*(nestes intres, sendo as 22.05 h, ao abeiro do artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira acórdase unha pausa para descanso por un período de trinta minutos, reanudándose o pleno, en consecuencia, ás 22.35 h)*

**11.-PROPOSICIÓN GM MIXO SUMA-RIBEIRA PRESENTADA POR D. XURXO FERRÓN VIDÁN SOBRE O CUMPRIMENTO DOS ACORDOS PLENARIOS E RESPOSTA ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POLAS CONCELEIRAS.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de setembro de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira**, presentada por D. Xurxo Ferrón Vidán de data de data 20 de setembro de 2021 (rex de entrada )e que é do seguinte tenor literal:

*“As proposicións son ao noso entender o instrumento democrático por excelencia a disposición das integrantes deste pleno para a participación no mesmo. Son ferramenta senlleira para traer a esta sala achegas que ao noso humilde entender poden contribuír á mellora da calidade de vida das veciñas e veciños de todo o noso concello.*

*As proposicións son tamén un mecanismo legal sobranceiro dos grupos políticos municipais para a procura da solución ou redución de problemas, demandas sociais ou reivindicacións que en moitos casos son formuladas polos mesmos veciños, sendo as concelleiras meros vehículos democráticos útiles na transmisión ao pleno das demandas.*

*En SUMA RIBEIRA entendemos e defendemos que, se ben e certo que por se mesma a aprobación dunha proposición non xera efectos xurídicos, si son susceptibles de ser cumpridas, e o grao de cumprimento das mesmas pode ser indicativo esclarecedor da saúde democrática, sempre mellorable, do equipo de goberno e mesmo dunha corporación municipal. Este parámetro pode considerarse especialmente aclaratorio se acontecese que un equipo de goberno non estivese amparado pola maioría da corporación, pois podería deducirse que, no caso de permitilo nesta situación, a corporación sería cómplice ao permitir esta desidia ao alcalde e equipo de goberno.*

*Asemade, outra ferramenta democrática primordial para as concelleiras son as preguntas que presentan por escrito dirixidas ao alcalde, para responder persoalmente ou en sesión plenaria, solicitando información necesaria para o exercicio das súas funcións ou, por exemplo, sobre actuacións concretas do equipo de goberno.*

*A nosa agrupación política, transcorrido máis do sesenta por cento do mandato desta corporación, ten o convencemento de que debe suspender sen paliativos a actuación do alcalde e equipo de goberno, tanto no referente ao grao de cumprimento dos acordos plenarios como no que atinxe ao nivel de resposta as preguntas formuladas.*

*Especial reprobación nos merece este comportamento cando sobre un mesmo tema coinciden o incumprimento dun acordo plenario e a falla de resposta en tempo razoable e legal a unha pregunta rexistrada por un concelleiro para ser respondida persoalmente.*

*É polo exposto que SOLICITA*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210769469
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 29/10/2021	Fecha: 29/10/2021
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE	- 29/10/2021	Hora: 11:19
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES	- 29/10/2021 11:19:41	





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

1.- *Que todas as integrantes da corporación municipal sexan informadas puntualmente das actuacións levadas a cabo pola alcaldía e equipo de goberno para o cumprimento dos acordos plenarios.*

2.- *Que no prazo máximo de tres meses no apartado da “web” municipal, en lugar preferente figure información facilmente accesible sobre:*

- *Mocións presentadas polos distintos grupos municipais e enlace de acceso ao vídeo sobre o debate no pleno da mesma.*

- *Resultado das votacións sobre as proposicións e o voto dos concelleiros e concelleiras agrupados por grupos políticos.*

- *Grao de cumprimento actualizado das proposicións aprobadas, explicando as xestións e actuacións realizadas.*

- *No caso de haber proposicións nas que non se realizaron avances no seu cumprimento deberán xustificarse as razóns técnicas, xurídicas ou políticas que motivaron a falla de avance na súa execución.*

3.- *Que por parte da alcaldía e equipo de goberno se proceda a responder por escrito e diligentemente as preguntas rexistradas polas concelleiras para así ser contestadas. En todo caso as respostas escritas non se demorarán máis dun mes, e, e de non ser posible por razóns que o xustifiquen, procederase a notificarlle estas razóns á solicitante dentro do prazo citado.”*

Asemada dase conta dunha **emenda á totalidade** presentada polo **GM do PP** en no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández do seguinte tenor literal:

1.- *Dirixirse aos servizos informáticos do Concello para que implementen cantas melloras se consideren aplicables a prol da mellora da transparencia e información cidadá, especialmente no que atinxe aos acordos plenarios da Corporación.*

2.- *Que se introduza no Regulamento Orgánico Municipal de Ribeira a posibilidade de solicitar que unha pregunta plenaria sexa respostada por escrito. Que no caso das preguntas orais, se non se alcanzase o punto correspondente durante período de sesións, pasen automaticamente a escritas, tendo que ser contestadas e remitidas antes da celebración do seguinte pleno ordinario.*

Igualmente dase conta dunha **emenda “in voce”** presentada polo **GM do BNG** e no seu nome por D. Xosé Antonio Vázquez Cobas do seguinte tenor literal:

*“Que no mes de decembro de 2021 sexa entregado ós membros do Concello Pleno un borrador sobre a reforma do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, que debería estar presentado xa no mes de decembro de 2020 tal como se comprometeu no seu momento o Sr. alcalde-presidente”.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** así como da **emenda á totalidade do GM do PP**, e da **emenda “in voce” do GM do BNG**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda á totalidade do GM do PP**, tal como establece o artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira, co seguinte resultado:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210769469
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2021	MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2021	Fecha: 29/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2021 11:19:41		Hora: 11:19





**-VOTOS A FAVOR: 9 PP**

**-VOTOS EN CONTRA: 12** (7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Á vista do resultado sómese a votación ordinaria o ditame orixinal transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de setembro de 2021 sobre **PROPOSICIÓN DO GM MIXTO-SUMA RIBEIRA RELATIVA AO CUMPRIMENTO DOS ACORDOS PLENARIOS E RESPOSTA ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POLAS CONCELEIRAS**, e unha vez **aceptada a emenda “in voce” do GM do BNG** co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 12** (7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 9 PP**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobal**a proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** sobre **O CUMPRIMENTO DOS ACORDOS PLENARIOS E RESPOSTA ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POLAS CONCELEIRAS** según ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais e **unha vez incorporada a emenda “in voce” do GM do BNG**, e en consecuencia aproba:

**Primeiro:-** *Dirixirse aos servizos informáticos do Concello para que implementen cantas melloras se consideren aplicables a prol da mellora da transparencia e información cidadá, especialmente no que atinxe aos acordos plenarios da Corporación.*

**Segundo:-** *Que se introduza no Regulamento Orgánico Municipal de Ribeira a posibilidade de solicitar que unha pregunta plenaria sexa respostada por escrito. Que no caso das preguntas orais, se non se alcanzase o punto correspondente durante período de sesións, pasen automaticamente a escritas, tendo que ser contestadas e remitidas antes da celebración do seguinte pleno ordinario.*

**Terceiro:-** *Que no mes de decembro de 2021 sexa entregado ós membros do Concello Pleno un borrador sobre a reforma do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, que debería estar presentado xa no mes de decembro de 2020 tal como se comprometeu no seu momento o Sr. alcalde-presidente”.*

**12.-PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE MELLORAS NO CAMIÑO PÚBLICO DA VIÑANOVA, QUE CONDUCE DENDE A CP-7302 ATA O MUSEO DO GRAVADO DE ARTES.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de setembro de 2021, sobre a base dunha proposición do **GM do PS de G-PSOE**, presentada por D. José Manuel Vilas Álvarez con data de 14 de setembro de 2021 (rex de entrada nº 16178) do seguinte tenor literal:





**C O N C E L L O**  
**D E**  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

*“O Camiño de Viñanova (9005), que conduce dende a CP-7302 ata o Museo do Gravado de Artes, presenta na actualidade dificultades na circulación rodada, debido a que é moi estreito, ea capa de rodadura asfáltica está moi gastada.*

*Esta vía pública, ampliada e mellorada, sería unha posible vía alternativa de acceso, ou de saída do Museo do Gravado de Artes, co fin de evitar aglomeracións e posibles incidentes no seu entorno, os días de visita e inauguración de exposicións de pintura ou de gravados; así como para o Xeriátrico, e veciños en xeral.*

*Na actualidade, está pendente de execución a actuación consistente na Pavimentación e rede de Pluviais dende a Igrexa Parroquial de Artes ata o Museo do Gravado, con cargo ao plan Complementario 2021.*

*En dito proxecto botamos en falla, una actuación sobre o cableado eléctrico aéreo, para pomelo subterráneo; así como a implantación de farolas de estilo antigo, similares as colocadas no entorno da Igrexa. Aquí neste apartado, se podría contar coa colaboración da Comunidade de Montes enmán Común de Artes, que manifestóu a súa disposición a facelo.*

*O tramo de Camiño Público obxecto de actuación ten unha lonxitude total duns 300 metros, e abarca dende o lugar do Casal ata a carretera provincial ao Vilar. Delimitado por muros de pedra, e valos naturais como pode observarse nas fotos anexas. No lugar do Casal, discurre o regato de auga das Bouciñas*



**Acta Pleno Ordinario 25 de outubro de 2021**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000BBDBD00C2N4N6X716J3 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FEC**

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2021  
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2021 11:19:41

REQUISITO: 20210705  
Fecha: 29/10/2021  
Hora: 11:19

CSV: 07E5000BBDBD00C2N4N6X716J3





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000BBDBD00C2N4N6X7I6J3 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2021  
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2021 11:19:41

DOCUMENTO: 20210769469

Fecha: 29/10/2021

Hora: 11:19







En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do PsdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte, ACORDO:

- 1.- Que se proceda a realizar un Proxecto de Ampliación do camiño público da Viñanova, contemplando o paso sobre o regato (taxea), a canalización das augas pluviais, ea pavimentación oportuna.
- 2.- Que se proceda ao desbroce das especies vexetais que invaden o camiño, así como a limpeza do actual vial.
- 3.- Que se fagan as xestións oportunas cos veciños titulares das fincas anexas ao camiño, facéndolle ver o beneficio social e vecinal da obra, de cara a facer a cesión de terreos a uso e dominio público”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **PS de G-PSOE** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de setembro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** do seu número legal **aprobal**a proposición do **GM** do **PS de G-PSOE** sobre **MELLORAS NO CAMIÑO PÚBLICO DA VIÑANOVA, QUE CONDUCE DENDE A CP-7302 ATA O MUSEO DO GRAVADO DE ARTES**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente, e en consecuencia aproba:

**Primeiro:-** Que se proceda a realizar un Proxecto de Ampliación do camiño público da Viñanova, contemplando o paso sobre o regato (taxea), a canalización das augas pluviais, ea pavimentación oportuna.

**Segundo:-** Que se proceda ao desbroce das especies vexetais que invaden o camiño, así como a limpeza do actual vial.

**Terceiro:-** Que se fagan as xestións oportunas cos veciños titulares das fincas anexas ao camiño, facéndolle ver o beneficio social e vecinal da obra, de cara a facer a cesión de terreos a uso e dominio público”



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210769469
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 29/10/2021	Fecha: 29/10/2021
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE	- 29/10/2021	Hora: 11:19
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES	- 29/10/2021 11:19:41	





**13.-PROPOSICIÓN GM PBBI PRESENTADA POR D. VICENTE MARIÑO DE BRICIO SOBRE MELLORAS NO LUGAR DE CAMPOSAS UBICADO EN O TOURO.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de setembro de 2021, sobre a base dunha proposición do **GM** do **PBBI**, presentada por D. Vicente Mariño de Bricio con data de 15 de setembro de 2021 (rex de entrada nº 16312) do seguinte tenor literal:

*“Vicente Mariño de Bricio, con DNI 52.456.748-G, en calidad de concejal y portavoz del grupo municipal del Partido Barbanza Independiente (PBBI), presenta la siguiente moción al pleno de la corporación municipal de Ribeira, al amparo de lo dispuesto en el apartado c del artículo 116.1 del Regulamento Orgánico .*

*El Partido Barbanza Independiente (PBBI) ha tenido conocimiento por varios vecinos de la falta de mantenimiento y abandono por parte del equipo de gobierno municipal a determinados barrios, calles y lugares de nuestro municipio. En la moción que nos ocupa, solicitamos actuaciones en el lugar de Camposas, ubicado en O Touro.*

*Según nos han comentado residentes en ese entorno, desde hace algún tiempo varios vecinos se han dirigido al equipo de gobierno para solicitar actuaciones en ese lugar, sin que hasta el momento hayan recibido respuesta alguna.*

*Como se puede observar en las fotografías que se adjuntan, hay un acceso que no está en la agenda de desbroces del Ejecutivo local, al igual que otros tantos del municipio.*

*Esta falta de limpieza ha llevado a que vehículos patinen y los vecinos sufran caídas, pues la pendiente es importante.*

*Por otra parte los vecinos nos han comentado que los oídos sordos del equipo de gobierno también son para otra petición y es que han pedido que se ensanchara el acceso en la conexión con la carretera principal pues hay una piedra que entorpece la entrada y salida de vehículos.*

*Otro actuación demandada es, debido a la pendiente anteriormente referida, la colocación de una barandilla para evitar posibles caídas, sobre todo en épocas de lluvias.*

*Ante esta situación y abandono en los últimos días, algunos vecinos han decidido actuar y proceder por su cuenta a la limpieza del acceso.*

*Por todo ello, el grupo municipal del Partido Barbanza Independiente, propone al pleno de la corporación local los siguientes puntos para su aprobación:*

- 1-** Limpieza y desbroce del lugar de Camposas y compromiso de incluir esta zona en su periódico cuidado y mantenimiento.
- 2-** Colocación de una barandilla ante la pendiente de dicha calle para evitar caídas.
- 3-** Eliminación de la piedra que sobresale en la entrada de la calle, y que perjudica el acceso de vehículos.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210769469
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2021	MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2021	Fecha: 29/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2021 11:19:41		Hora: 11:19





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego



VICENTE MARIÑO DE BRICIO / num:2432  
Firmado digitalmente por VICENTE MARIÑO DE BRICIO / num:2432  
Fecha: 2021.09.15 20:26:53 +0200'

Dase conta igualmente dunha **emenda** presentada polo **GM** do **PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández do seguinte tenor literal:

*Acta Pleno Ordinario 25 de outubro de 2021*

*Página 35*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000BBDBD00C2N4N6X716J3 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2021  
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2021 11:19:41

DOCUMENTO: 20210769469

Fecha: 29/10/2021  
Hora: 11:19

CSV: 07E5000BBDBD00C2N4N6X716J3





**Emenda de supresión do punto número 2 e de substitución do punto número 3 nos seguintes termos:**

3.- Solicitar aos servizos técnicos do Concello un informe acerca da viabilidade de eliminar a pedra existente sen que supoña perigo para as edificacións colindantes

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM do PBBI**, así como da **emenda do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria en **primeiro lugar a emenda do GM do PP**, en cumprimento do artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, **e retirando este grupo a emenda do substitución do punto nº 3**, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11** (9 PP, 2 Ps de G-Psoe)

**-VOTOS EN CONTRA: 10** (7 PBBI, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba a emenda do GM do PP** sobre proposición do **GM do PBBI** relativa a **MELLORAS NO LUGAR DE CAMPOSAS UBICADO EN O TOURO**, emendando en consecuencia o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, e en consecuencia aproba:

**Primeiro:**-Limpieza y desbroce del lugar de Camposas y compromiso de incluir esta zona en su periódico cuidado y mantenimiento.

**Segundo:**-Eliminación de la piedra que sobresale en la entrada de la calle, y que perjudica el acceso de vehículos.

**14.-PROPOSICIÓN GM BNG PRESENTADA POR D. LUIS PÉREZ BARRAL PARA POÑERLLE SOLUCIÓN AOS PROBLEMAS DO TRANSPORTE PÚBLICO**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de outubro de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM do BNG** segundo o escrito do concelleiro **D. Luis Pérez Barral** de data 4 de outubro de 2021 (rex entr. nº 17.741) do seguinte tenor literal:

*“A posta en marcha do Plan de Transporte de Viaxeiros por Estrada establecido pola Xunta de Galiza ía supoñer a mellora do transporte público por estrada e contaba cun investimento da Xunta de 9,3 millóns de euros ao ano. O pasado 18 de xuño a conselleira de Infraestructuras e Mobilidade realizaba unha visita a Ribeira para seguir coa política de propaganda do Partido Popular na que incidía, sen ruborizarse, na “completa a modernización do transporte público por parte do Goberno galego, cun incremento do 40% do número de rutas e do 70% as paradas”. Está claro que os membros do Partido Popular non son usuarios do transporte público porque do contrario saberían que esas declaracións non son reais.*

*O transporte público é un servizo esencial para garantir que as persoas poidan desprazarse no territorio, poidan acudir ao traballo ou mesmo ao médico pero tamén debe ser unha prioridade coa que contribuir a*





*reducir o uso do vehículo privado e reducir a contaminación atmosférica. Sen dúbida, apostarmos polo transporte público tamén melloraría o caos de tráfico e a falta de estacionamentos que actualmente Ribeira padece por mor da mala planificación feita polo Partido Popular.*

*Lonxe de termos un transporte público de calidade, a situación está sendo moi problemática desde que comezou a funcionar a nova concesionaria. A liña XG-847 correspondente coa comarca da Barbanza, púxose en marcha de maneira atropelada e descoordinada provocando un caos no comezo da nova empresa que presta os servizos de transporte público na devandita bisbarra. Os problemas lonxe de ir solucionándose estanse a incrementar de maneira alarmante sen que os responsábeis políticos do Concello de Ribeira ou da Xunta de Galiza fagan nada por remedialo.*

*Nesta concesión os usuarios e usuarias do transporte público encontráronse co servizo totalmente cambiado por mor das novas condicións e horarios. Se antes o servizo era urbano, agora temos un servizo compartido polo que, nas horas escolares, os nenos e nenas que se dirixen aos centros escolares ou para a casa de volta, poden ir con outras persoas usuarias no mesmo autobús. Isto non sería un problema se os autocares non se ocupasen na súa totalidade provocando, na práctica, que as persoas que desexan coller o autobús non poidan facelo. Non son poucas as ocasións nas que as persoas usuarias deben agardar ao seguinte autobús porque o que pasa vai con todas as súas prazas cubertas e non pode levar máis xente.*

*Alén do anterior, os autobuses non teñen a capacidade para trasladar a todo o alumnado que hai nos dous institutos públicos que hai en Ribeira. É habitual que unha parte da mocidade que vive en Corrubedo, Olveira ou Artes teña que agardar para poder ir para a casa ao autobús que vén da Pobra do Caramiñal. Este caso tamén se dá de maneira ocasional coa mocidade que vive en Aguiño.*

*Por outra banda, tanto as persoas usuarias como o propio persoal da empresa de transporte tennos trasladado que os autobuses se retrasan considerabelmente ou mesmo non chegan a pasar nos horarios indicados por Monbus porque o tempo estipulado para facer o servizo é totalmente insuficiente.*

*Collamos por exemplo o traxecto Ribeira-Noia, segundo o horario establecido por Monbús chegar desde Ribeira ata Noia, descoñecemos os motivos que levaron á Xunta de Galiza a autorizar os tempos propostos pola actual concesionaria que estipula que se fai en 45 minutos, reducindo en 15 minutos o tempo no que se facía coa anterior. Acaso a distancia entre Ribeira e Noia se reduciu? Acaso ignora a Xunta que 45 minutos é practicamente o tempo que leva facer ese percorrido en coche particular e sen paradas?*

*Outro exemplo de que Monbus non cumpre cos horarios podémolo atopar na liña Aguiño-A Pobra do Caramiñal que sofre considerábeis atrasos nas horas punta. Nas horas centrais do día, dado o maior volume de vehículos que hai na estrada, os autobuses non son capaces de facer o traxecto no tempo que marca a empresa.*

*Se nos fixamos na situación laboral do cadro de traballadores e traballadoras da empresa concesionaria, Monbus, comprobamos que é completamente precaria por diversos motivos dos que mencionaremos algúns a continuación; non se cobren as baixas nin as vacacións dos condutores e condutoras polo que este traballo teñen que realizalo outros compañeiros e compañeiras en activo facendo máis horas das que lle corresponden, decréntanse xornadas de traballo partidas sen motivos aparentes ou nin se lles deixa tempo durante o tempo de traballo para ir ao baño.*

*Mención especial merece a Tarxeta Xente Nova posta en marcha Xunta de Galiza para, supostamente, poder viaxar gratis. Lamentamos que no canto de ofrecerlle á xente moza e ás persoas maiores as viaxes de maneira gratuíta, haxa que realizar o pagamento por adiantado e voltar ao mes seguinte a un caixeiro para recuperar os cartos das viaxes realizadas. Este sistema dificulta a recuperación dos cartos e por riba fomenta a colaboración cunha entidade bancaria que cada vez conta con menos persoal e con menos oficinas de atención ao público.*

*Ademais de todos os problemas e fallos que acabamos de describir, as persoas usuarias do transporte público queixanse da falta de información xeneralizada que existe pois non se editou nin un só folleto que recollese as*





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*rotas e paradas, moitas marquesiñas carecen de horarios e a caseta de información da compañía nunca ten persoal de atención ao público.*

*Por último, a retirada de todos os autocares urbanos que prestaban servizo polos actuais, máis altos e con máis escaleiras, está provocando serios inconvenientes a persoas maiores, persoas que presentan algún grao de discapacidade física ou mesmo a calquera persoa cun carro de crianza ou de compra.*

*Por todos estes motivos, o BNG, propón a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- 1. O Concello de Ribeira colocará os horarios en todas as marquesiñas e paradas do municipio.*
- 2. O Concello de Ribeira trasladará todos os problemas mencionados a Monbus e instará, como concesionaria do servizo de transporte público, a cumprir cos horarios e coas condicións do contrato, garantir a atención ao público de maneira presencial e resolver todos os problemas que se lle trasladen desde o Concello.*
- 3. O goberno municipal do Concello de Ribeira informará na Comisión Informativa de Mobilidade e Seguridade Cidadá así como en sesión plenaria do resultado das xestións e acordos acadados coa Xunta de Galiza e a concesionaria do servizo no prazo máximo de dous meses.*
- 4. A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a estudar os problemas que se están a rexistrar no transporte público en Ribeira, adoptar todas as medidas oportunas que garantan o cumprimento das condicións do contrato e, de ser o caso, interpoñer as sancións oportunas por incumprimento as devanditas condicións.”*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **BNG** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de outubro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** do seu numero legal **aproba** a proposición do **GM** do **BNG** sobre **POÑERLLE SOLUCIÓN AOS PROBLEMAS DO TRANSPORTE PÚBLICO**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente, e en consecuencia aproba:





C O N C E L L O  
D E  
R I B E I R A  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

**Primeiro:**-O Concello de Ribeira colocará os horarios en todas as marquesiñas e paradas do municipio.

**Segundo:**-O Concello de Ribeira trasladará todos os problemas mencionados a Monbus e instaráa, como concesionaria do servizo de transporte público, a cumprir cos horarios e coas condicións do contrato, garantir a atención ao público de maneira presencial e resolver todos os problemas que se lle trasladan desde o Concello.

**Terceiro:**-O goberno municipal do Concello de Ribeira informará na Comisión Informativa de Mobilidade e Seguridade Cidadá así como en sesión plenaria do resultado das xestións e acordos acadados coa Xunta de Galiza e a concesionaria do servizo no prazo máximo de dous meses.

**Cuarto:**-A Corporación Municipal de Ribeira insta á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade a estudar os problemas que se están a rexistrar no transporte público en Ribeira, adoptar todas as medidas oportunas que garantan o cumprimento das condicións do contrato e, de ser o caso, interpoñer as sancións oportunas por incumprimento as devanditas condicións.”

E sendo as **23 horas e 59 minutos** do día **25 de outubro de 2021**, en cumprimento do ‘principio de unidade de acto’ previsto no artigo 87 do ROF, quedando pendentes os **puntos 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22 e 23** da orde do día, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000BBDBD00C2N4N6X7I6J3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2021  
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2021 11:19:41

DOCUMENTO: 20210769469

Fecha: 29/10/2021  
Hora: 11:19

CSV: 07E5000BBDBD00C2N4N6X7I6J3

